

## AXUDAS REGA. CONVOCATORIA 2026 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO CT898A).

**Modificación da resolución da relación de persoas ADMITIDAS para a valoración das solicitudes e da relación de persoas EXCLUIDAS con indicación dos motivos da non admisión das súas solicitudes.**

### ANTECEDENTES

1. En data de 08 de abril de 2026 publicouse a ORDE de 9 de marzo de 2026 pola que se autoriza a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para outorgar subvencións, se aproban as bases reguladoras relativas ás axudas Rega e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento CT898A, DOG Núm. 64, Mércores, 08 de abril de 2026).
2. En data de 08 de maio de 2026 ás 23:59h, finalizou o prazo sinalado para a presentación de solicitudes para participar na citada convocatoria.
3. Rematado dito prazo e unha vez revisadas as solicitudes presentadas conforme ao procedemento establecido nas bases e feitas as comprobacións e verificacións oportunas, o órgano instrutor propón á directora xerente da Fundación Cidade da Cultura a relación de persoas solicitantes ADMITIDAS (Anexo I) para a valoración das solicitudes presentadas e da relación de persoas EXCLUIDAS (Anexo II) con indicación dos motivos da non admisión das súas solicitudes.
4. Ambos listados foron publicados na páxina web da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, e no caso da relación de excluídos notificouse a súa exclusión a aquelas persoas solicitantes non admitidas que presentaran a súa solicitude conforme establecen as bases reguladoras desta convocatoria.
5. O día 11 de xuño de 2026 publicouse a listaxe de persoas admitidas e excluídas. Dentro da listaxe de persoas excluídas figuraba SANDRA REGO REY polo motivo que se indica a continuación:



Nº REXISTRO DE ENTRADA	NOME E APELIDOS SOLICITANTE	MOTIVO
2026/1379402 (Solicitud N° 101)	SANDRA REGO REY	Achega <b>certificado NEGATIVO</b> coa AEAT para Subvencións e Axudas polo que non cumpre co establecido nas bases ao non estar ao corrente coas obrigas tributarias. <b>(Artigo 8 das bases reguladoras)</b>

6. Con data 15 de xuño de 2026 SANDRA REGO REY achega **certificado POSITIVO** coa AEAT para Subvencións e Axudas, estando así ao corrente coas obrigas tributarias.

7. Con data 16 de xuño de 2026, o órgano instrutor propón admitir a amentada solicitude, sobre o sinalado no artigo 14.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e atendendo ao contido das bases, pasando a formar parte da listaxe de persoas solicitantes admitidas.

Visto o anterior, **RESOLVO:**

Modificar a resolución de persoas solicitantes admitidas e incorporar, dentro da listaxe do Anexo I, a solicitude realizada por SANDRA REGO REY, deixando sen efecto a exclusión acordada na anterior resolución.

#### ANEXO I: LISTAXE DE PERSOAS SOLICITANTES ADMITIDAS.

Nº SOLICITUDE	Nº ENTRADA RX	NOME E APELIDOS SOLICITANTE	NIF
101	2026/1379402	SANDRA REGO REY	***1108**

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital,

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

